

ORDENANZA FISCAL Nº 8

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

FUNDAMENTO LEGAL.

ARTIGO 1º.-

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25-2 k, como competencia municipal, a prestación de servicios sociais e de promoción e reinserción social, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Consellería de Sanidade e de Servicios Sociais da Xunta de Galicia regula o Servizo de Axuda no Fogar mediante a Orde de 22 de xullo de 1996, na que se contempla a axuda ó fogar como unha prestación básica máis de servicios sociais, quedando ésta baixo a planificación, coordinación e control da Administración Local.

De conformidade có anterior e tendo en conta o previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en relación có artigo 20.4 ñ) da mesma Lei, modificados ambos polo artigo 66 da Lei 25/1998, de 13 de xullo, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigos 15 e 19 do xa citado R D Lexislativo 2/2004 , este Concello establece a *taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar*.

FEITO IMPOÑIBLE.

ARTIGO 2º.-

O programa de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora ós cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia evitando así a súa posible institucionalización.

Constitue o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de axuda no fogar, que se concreta nas seguintes atencións:

- a) Atencións de carácter persoal.
- b) Atencións de carácter doméstico.
- c) Atencións de carácter psico-social e educativo.
- d) Atencións para a relación có contorno.
- e) Atencións de carácter técnico e complementario.

OBXECTIVOS.

ARTIGO 3º.-

Establecense como obxectivos xerais:

- a) Mellorar hábitos e condicións de vida.
- b) Favorecer ou restablece-la autonomía personal.
- c) Introducir cambios favorables na dinámica familiar potenciando roles positivos.
- d) Alonga-lo tempo de estancia do ancián no seu propio fogar.
- e) Evitar internamentos innecesarios.
- f) Axudar a que o individuo use e valore os seus propios recursos.
- g) Axudar a que a familia asuma responsabilidades.
- h) Previr situacións de risco persoal e/ou conflitos familiares.
- i) Favorece-la convivencia e evita-lo illamento social, fomentando a participación social na vida da comunidade.

BENEFICIARIOS.

ARTIGO 4º.-

O servizo estará dirixido a toda a poboación, pero serán obxecto prioritario de atención aqueles cidadáns que polas súas eivas físicas, socioeconómicas ou familiares teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social. Os colectivos máis afectados son as persoas maiores e persoas con discapacidades, pero non de forma exclusiva, así se poden sinalar como posibles usuarios os seguintes:

- a) Persoas maiores, que vivan sós ou en parella, que carezcan de familia ou estes non os poidan atender axeitadamente, e que con esta axuda poidan continuar vivindo no seu domicilio.
- b) Persoas con minusvalías e grandes inválidos que con esta axuda poidan mante-la súa autonomía.
- c) Persoas con enfermidade física ou mental, que pola súa incapacidade precisen esta axuda.
- d) Menores ós que haxa que atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes estean incapacitados dalgún xeito para exercita-las súas funcións.
- e) Persoas de calquera idade ou familias que presentes disfuncións ou dificultades temporais que poidan ser suscetibles de mellora cunha adecuada atención a domicilio como por exemplo: sobrecarga temporal, internamento hospitalario, desestructuración familiar, reforzo familiar, post-nacementos, absentismo escolar, etc.

f) Colectivos específicos que presenten situacións de risco e/ou exclusión social: enfermos terminais, post-hospitalarios, coidado de persoas de alto risco, etc.

CRITERIOS DE ATENCION E PRIORIDADES NA CONCESION DO SERVICIO.

ARTIGO 5º.-

Terase acceso ó servico a traves de dúas canles; mediante a aplicación dos Baremos I, "por problemas de autonomía persoal", ou II "por circunstancias sociais". En todo caso, hanse valorar aspectos como:

a) Autonomía personal: dificultades para a realización das actividades da vida cotiá: alimentación, hixiene persoal, labores domésticos, e outras.

b) Circunstancias sociais: familias con menores a cargo con dificultades para a súa atención, familias multiproblemáticas ou persoas con algún tipo de problemática social: alcoholismo, depresión, soedade, etc.

c) Posibilidades de: -Mellora-la calidade de vida.
-Mellora-la autonomía persoal.
-Acadar cambios positivos na dinámica familiar.

d) Situación socio-familiar / carecer de apoio social: que non exista familia directa ou ben que esta non lle poda prestar unha axuda axeitada.

e) Situación socioeconómica: Carecer de recursos económicos para afronta-lo custe do servico, total ou parcial; en atención ás condicións económicas que se determinan na presente ordenanza.

f) Outras circunstancias ou situacións específicas: como poden ser situación e condicións da vivenda, disfuncións na unidade familiar, non ter dereito ó servico por outra entidade, illamento familiar e/ou social, etc.

EQUIPO DE TRABAJO E FUNCIONS.

ARTIGO 6º.-

No desenvolvemento da prestación deste servico intervirán, nun primeiro nivel, os traballadores sociais dos servicos sociais de atención primaria ou de base, que desempeñan un labor de carácter técnico en coordinación cos profesionais do propio equipo ou en colaboración cos doutros servicos ou programas que pertencen a estes servicos sociais ou a outros servicos de protección social. Nun segundo nivel intervirán os traballadores de axuda no fogar como profesionais que se encargarán da execución. A relación do equipo de traballo é a seguinte:

* traballadora social ou asistente social: como profesional responsable do funcionamento e coordinación do servicio.

* traballadora familiar: é a profesional que realizará as tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servicio, a súa familia e o seu contorno.

* Outros profesionais que interveñen:

1.-educadora familiar.

2.- Voluntarios: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria e altruista dentro dun programa de intervención do voluntariado.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

ARTIGO 7º.-

Serán os seguintes:

-Estar empadroado no Concello de Fene, como mínimo cunha antigüidade de 3 meses anteriores á data de solicitude.

-Carecer ou ter limitada a autonomía persoal para a realización das actividades da vida diaria e acadar un mínimo de 5 puntos no Baremo I- A.1.

-Carecer de familia que a poida atender axeitadamente, ou sufrir desatención familiar ou social. Acadar un mínimo de 5 puntos nos factores familiares do Baremo I-A.2.

-Necesita-lo servicio por algunha das causas recollidas no Baremo II por circunstancias sociais, acadando un mínimo de 15 puntos.

-Non supera-lo nivel de recursos económicos establecidos nos Baremos I-II, que serán os seguintes:

*Persoa que viva soa e con rentas ata o 200 % do Salario Mínimo Interprofesional (en adiante SMI).

*Unidade Familiar de 2 membros, cunha renda persoal media ata o 150 % do S.M.I. vixente.

*Unidade Familiar de 3 ou máis membros, cunha renda persoal media ata o 125 % do S.M.I. vixente.

-Non figurar, nen o solicitante nen nengún outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio.

-Reuni-lo resto dos requisitos económicos recollidos no apartado 19 do regulamento que desenrola o S.A.F.

PROCEDEMENTO E TRAMITACION.

ARTIGO 8º.-

As solicitudes poderán presentarse a instancia de particular no Rexistro Xeral do Concello e irán dirixidas ó Alcalde-Presidente do Concello de Fene, segundo modelo oficial (Anexo II). Previa á solicitude presentárase a demanda nos Servicios Sociais de Base, á Traballadora Social responsable do Programa. Tamén se poderán realizar de oficio por parte dos técnicos de Servicios Sociais en casos especiais e/ou de urxente necesidade.

En todo caso deberán conte-los seguintes datos: nome, apelidos e D.N.I. do solicitante, data e lugar de nacemento, enderezo e teléfono, número de membros da unidade familiar indicando o seu parentesco, medios de vida cos que se conta, motivos polos que solicita o servizo, así como días e horas de conveniencia do mesmo.

O prazo estará aberto todo o ano, sen prexuízo da realización dunha convocatoria pública anual coa finalidade de información xeral sobre o servizo e recepción de demanda de posibles usuarios.

A vista da solicitude e documentación presentada realizarase procedemento de instrución e valoración do expediente que se elevará á Xunta de Goberno Local, previo díctame da Comisión informativa de servizos sociais, por ser aquel órgano a quen corresponde adaptala resolución da solicitude.

NORMAS DO SERVICIO.

ARTIGO 9º.-

Unha vez se aprobe a inclusión do solicitante no servizo, darase de alta a efectos de engrosalos beneficiarios do programa, a partires do día de inicio do servizo.

Os Horarios preferentes de desenvolvemento do servizo serán os compendidos entre as 8 h da mañá e as 15 h. da tarde de luns a sábado, ámbolos dous inclusive. Exclúense da atención os domingos e festivos. Non obstante, hanse ter en conta aqueles casos en que por indicación dos técnicos de Servicios Sociais e en atención ás necesidades reais dos usuarios, fose necesario establecer horario de tarde, sen que en ningún caso se poida desenvolver máis alá das 8.30 do serán.

A atención de cada beneficiario determinarase na valoración inicial que realice a asistente social e que estará en función das circunstancias de cada usuario, pero que en ningún caso será superior ás 2 horas ó día.

A sinatura do contrato entre o usuario e o Concello supón a aceptación do servizo nas condicións establecidas no mesmo no tocante á asignación de horarios, así como á aceptación das normas que rexen o funcionamento do mesmo.

DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS.

ARTIGO 10º.-

DEREITOS.

-Respetar-lo seu dereito á intimidade; en consecuencia a Traballadora Familiar (en adiante TF) non poderá acompañarse por ningunha persoa allea ó servizo, nen realizará comentarios que atenten contra este dereito sobre os casos que está atendendo fora do fogar do usuario.

-Dereito a que os profesionais implicados no servizo garden a debida confidencialidade sobre cada caso atendido, e sexa tratado con respecto e individualidade.

-Dereito a unha calidade e cantidade de servizo, axeitada as súas necesidades, técnicamente establecido e supervisado regularmente.

OBRIGAS:

-O usuario terá a obriga de correr cos gastos derivados da limpeza, aseo, alimentación, etc. e de facilitar á T.F. os produtos de limpeza e materiais necesarios para que esta poida desenvolver axeitadamente o seu traballo. Así mesmo deberá adquirirlas luvas para a limpeza da vivenda e as luvas de látex no caso de aseo persoal do beneficiario.

-Respetar-lo contrato e plan de traballo asinado e establecido para o usuario, facilitando á T.F. o desenvolvemento do seu traballo técnicamente establecido.

-Os usuarios respectarán o dereito á intimidade da traballadora do servizo, absténdose de facer comentarios sobre a vida persoal ou forma de actuar desta fora do horario laboral, así mesmo terán un trato axeitado e de respecto con ela.

-Cada usuario está suxeito ó pagamento mensual dunha tarifa económica, a aboar en cuotas bimensuais, que se determinará en función dos seus recursos económicos e os de toda a unidade familiar. É condición imprescindible para o inicio da atención a domicilio, a aceptación expresa desta condición, que se fará mediante a sinatura do contrato co concello e a formalización da autorización bancaria.

-O usuario deberá ter aberta a porta do seu domicilio, ou procederá á súa apertura no horario de inicio do seu servizo. Asemade deberá permanecer en domicilio o tempo que dure o mesmo.

-Obriga do usuario de facilita-lo seguimento, control e avaliación dos SS.SS. e realiza-la revisión anual que de oficio se lle solicitará dende o concello, coa finalidade de proceder á renovación e continuidade da atención recibida.

-O usuario deberá comunicar calquera variación nas súas circunstancias persoais, familiares ou socio-económicas que poidan dar lugar a modificacións na prestación do servizo.

CAUSAS DE SUSPENSION OU EXTINCION DO SERVICIO..

ARTIGO 11º.-

1.- Serán causas de suspensión temporal ás seguintes:

- Internamento en centro hospitalario.
- Traslado temporal do usuario a outro domicilio por convalecencia, e outros motivos que lle imposibilitan manterse no seu fogar.
- Por período vacacional ou visitas á familia, agás os meses de xullo e agosto.
- Por visita e estada de máis de 3 días por parte de familiares no domicilio do usuario, agás os meses de xullo e agosto.
- Outros debidamente xustificados.

Nestes casos de suspensión temporal os usuarios terán dereito á reserva de praza sempre que comuniquen con antelación suficiente a súa ausencia (alomenos 10 días, agás casos urxentes e/ou imprevistos) e pague a contía que corresponde dacordo có estipulado na presente ordenanza. Se pasado este tempo, o usuario non regresa a domicilio ou non solicita prórroga por causas xustificadas, suspenderase definitivamente o servizo. Esta prórroga abranguirá como máximo os 15 días seguintes e, no caso de concesión, o usuario deberá aboar dacordo có mesmo criterio.

2.- Serán causas de extinción definitiva ás seguintes:

- Renuncia expresa do usuario, que se formalizará por escrito e que invalidará a vinculación entre usuario e concello.
- Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Falecemento do usuario.
- Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como: trato non axeitado do usuario cara á traballadora que o atende, falta de colaboración no desenvolvemento do servizo, incumprimento grave dalgunha da súas normas e contravir as condicións do contrato.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- Modificación sustancial das circunstancias persoais, familiares e socioeconómicas.
- Ausencia do domicilio sen xustificar en tempo superior a 1 semana.
- Por ocultamento de datos económicos ou de outra índole.
- Por negativa do usuario e/ou familia a face-la renovación anual solicitada.

3.- Repercusión económica da suspensión temporal do servizo.

Nos casos de suspensión temporal do servizo do SAF municipal para os supostos recollidos no artigo 11.1, incluída a suspensión en período de vacacións, meses de xuño, xullo, agosto e setembro, deberán aplicarse os seguintes criterios:

3.1.- Para cotas a pagar polo/a usuario/a superiores ó 25 % do custo total do servizo, en casos de suspensión do mesmo, o Concello cobrará ó/a usuario/a do servizo, o 50 % da cota habitual en concepto de reserva de praza por cada mes de suspensión, sempre de acordo coas normas xerais que rexen esta circunstancia.

3.2.- Para cotas inferiores ó 25 % do custo total do servizo, se lle cobrará ó/a usuario/a o 75 % da cota a aboar de forma habitual no mesmo concepto de reserva de praza, por cada mes de suspensión.

3.3.- Para suspensións de 15 días e inferiores a 1 mes, se aplicarán as porcentaxes equivalentes, utilizando os criterios indicados anteriormente.

3.4.- Para períodos inferiores a 15 días ó/a usuario/a deberá pagar as cotas íntegras.

CONDICIONS DE ACCESO. BAREMO

ARTIGO 12º.-

A.-BAREMO I: POR PROBLEMAS DE AUTONOMÍA PERSOAL:

Puntuación máxima: 170 = 150 por baremo + 20 puntos de valoración técnica.

A.1.-AUTONOMÍA PERSOAL: Valoración de 5 a 50 puntos. Factores non acumulables. Puntuará o grado máis alto de incapacidade:

		Puntos
1.a)	Non pode realizar só/a a limpeza da vivenda. Precisa axuda para algunhas actividades.	5
1.b)	Non pode lava-la roupa, tender e/ou pasa-lo ferro ou o realiza con dificultade.	5
1.c)	Non pode face-la compra sen axuda.	5
1.d)	Non pode realizar todas as tarefas da cociña.	10
1.e)	Non pode saír da casa sen acompañantes.	10
1.f)	Non pode lavarse sen axuda, ou o realiza con dificultade	15
1.g)	Non pode erguerse sen axuda, ou o realiza con dificultade	15
1.h)	Non pode vestirse sen axuda, ou o realiza con dificultade	15
1.i)	Non pode espirse sen axuda, ou o realiza con dificultade	15
1.l)	Non pode utiliza-lo wc sen axuda.	20
1.m)	Non pode andar sen axuda.	20
1.n)	Utiliza cadeira de rodas.	30
1.ñ)	Non pode comer sen axuda.	40
1.o)	Permañece encamado	50

A.2.-FACTORES FAMILIARES: Valoración de 5 a 30. Máximo 2 factores compatibles acumulables.

		Puntos
2.a)	Vive con familia con capacidade real de prestar axuda	0
2.b)	Vive só/soa	15
2.c)	Carece de familiares directos: (conxuxe, ascendentes ou descendentes de 1º grao, irmáns)	15
2.d)	Vive con familiares con dificultades físicas, psíquicas e/ou sociais. Problemática de alcoholismo e/ou toxícomania.	20
2.e)	Vive só/soa e ten familia coa que non existen relacións dende hai tempo, estando rotos os lazos familiares. Situación de abandono ou semiabandono por éstos.	10
2.f)	Vive/n só/s e carece de familiares que vivan na mesma parroquia e/ou Concello	5
2.g)	Ter familiares en convivencia ou fora da unidade familiar, con imposibilidade de prestar axuda ou que ésta sexa insuficiente por: - Non dispoñer de tempo para a súa atención integral, por traballo e/ou outras ocupacións. - Non dispor de recursos económicos para poder prestar axuda. - Ter cargas familiares. - Limitacións físicas/psíquicas para a atención integral do usuario. - Outros, especificar:	De 5 a 15
2.h)	Dificultades na unidade familiar para autoorganizarse.	20
2.i)	Contexto relacional negativo: existe convivencia pero hai dificultades na relación persoal/comunicación. Non se prestan axuda física nin económica. Economías diferenciadas. Outros factores a especificar.	25

A3.-SITUACIÓN ECONÓMICA DO SOLICITANTE E/OU NUCLEO DE CONVIVENCIA:
Valoración de 5 a 40 puntos:

3.a.) Individuos que viven sós:

	Puntos
Do 0 ó 75 % do S.M.I.	40
maior do 75 e ata o 85 % do SMI	35
maior do 85 e ata o 100 % do SMI	30
maior do 100 ata o 115 % SMI	20
maior do 115 ata o 125 % SMI	15
maior do 125 ata o 150 % SMI	10
maior do 150 ata o 175 % SMI	5
maior do 175 % SMI	0

3.b.) Dúas persoas en unidade de convivencia:

Renda Persoal Media= Ingresos netos familiares/ 2

	Puntos
Do 0 ó 50 % do S.M.I.	40
maior do 50 e ata o 55 % do SMI	35
maior do 55 e ata o 65 % do SMI	25
maior do 65 ata o 75 % SMI	20
maior do 75 ata o 85 % SMI	15
maior do 85 ata o 100 % SMI	5
maior do 100 % SMI	0

3.c.) Tres ou máis persoas en unidade de convivencia:

Renda Persoal Media= Ingresos netos familiares/nº persoas que conviven.

	Puntos
Do 0 ó 40 % do S.M.I.	40
maior do 40 e ata o 60 % do SMI	30
maior do 60 e ata o 75 % do SMI	15
maior do 75 ata o 85 % SMI	10
maior do 85 ata o 100 % SMI	5
maior do 100 % SMI	0

A.4.-FACTORES SOCIAIS: Valorarase de 5 a 30 puntos. Valoraranse 3 factores compatibles acumulables.

Este grupo de factores non é imprescindible para o acceso ó servizo. De darse puntuación esta será sumada á acadada polos factores 1-2-3 para establecer unha puntuación final.

		Puntos
4.a	Só recibe axuda dos veciños	10
4.b	A axuda da familia e /ou dos veciños resulta insuficiente para mante-la permanencia no seu domicilio. Risco de institucionalización.	20
4.c	Elixo a permanencia no seu domicilio fronte a outras alternativas ofertadas.	20
4.d	Non existe outro recurso ou prestación social axeitada e/ou aplicable ó caso.	20
4.e	Habita unha vivenda alugada.	5
4.f	Condicións de vivenda deficitarias (a valorar habitabilidade, servizos cos que conta, moblaxe e electrodomésticos). De 5 a 15 puntos.	5 a 15
4.g	Existencia de barreiras arquitectónicas, dificultades de mobilidade dentro do fogar ou de acceso á vivenda. De 5 a 20 puntos.	5 a 20
4.h	Escasa ou nula relación social/veciñal.	10

4.i	Escasos ou nulos medios de comunicacións (teléfono, medios de transporte, etc.). Aillamento social (xeográfico ou por motivos persoais). De 5 a 20 puntos	5 a 20
-----	--	--------

A.5.- VALORACIÓN TÉCNICA: De 0 a 20 puntos.

Valoraranse ademáis doutros factores, a idade avanzada dos solicitantes e/ou doutros membros da unidade familiar, outorgándose 5 puntos para aquelas persoas que sexan maiores de 80 anos.

B.-BAREMO II: POR CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS:

Está constituído por 3 bloques: 1.-Factores familiares e sociais: 1.1-1.2-1.3 de forma excluín-te, 2.-Factores Económicos. 3.-Valoración Técnica.

Puntuación máxima: 170= 150 por baremo + 20 de valoración técnica.

B.1.-FACTORES FAMILIARES E SOCIAIS:

B.1.1-FAMILIAS CON MENORES A CARGO E CON DIFICULTADES PARA A SÚA ATENCIÓN: Valoración de 15 a 110 puntos.

* Pais ou cabeza de familia que carezan de posibilidades reais de atender ós seus membros por motivos laborais, de formación, e outros.

* Ausencia temporal dos pais por cumprir algunha obriga persoal inescusable debidamente xustificada.

* Enfermidade dos fillos, tendo os pais que acudir ó seu traballo, estudos e formación.

* Razóns de enfermidade grave ou internamento dos pais/cabeza de familia, que imposibilite a correcta atención dos fillos.

* Sobrecarga familiar: familia numerosa ou nacemento de 2 ou máis fillos.

* Que non exista familia con posibilidade real de prestar axuda ou que esta sexa insuficiente.

* Outros: especificar.

B.1.2.-FAMILIAS MULTIPROBLEMÁTICAS: valoración de 15 a 110 puntos.

- Abandono ou semiabandono dos fillos por algún dos proxenitores. Dificultades para a correcta educación e atención dos menores e/ou adolescentes.

- Nenos ou adolescentes diminuídos físicos e/ou psíquicos con necesidade de apoio de terceira persoa.
- Enfermidade física e/ou mental dalgúns dos seus proxenitores.
- Toxicomanía/alcoholismo nalgún dos pais.
- Idade moi avanzada dos proxenitores.
- Familia con problemas de relación entre os seus membros. Relacións familiares deterioradas. Illamento afectivo.
- Relacións educativas non axeitadas: carencia de normas, roles establecidos, etc. Risco persoal e/ou social dos menores e/ou adolescentes.
- Carencia de hábitos axeitados de alimentación, hixiene, escolares, etc.
- Atraso e/ou absentismo escolar dos fillos.
- Dificultades de relación co contorno social, escolar, familia extensa. Illamento social.
- Vivenda: condicións de habitabilidade deficitarias. Amoreamento. Equipamento insuficiente. Etc.
- Carencia de familia con posibilidade real de prestar axuda ou que esta sexa insuficiente.
- Outros a especificar.

B.1.3.-PERSOAS OU FAMILIAS SEN MENORES A CARGO E CON PROBLEMÁTICA SOCIAL: Factores acumulables. Valoración de 15 a 100 puntos.

Aplicarase este baremo no caso de que á persoa ou familia, non se lle poidan valora-los factores de autonomía persoal e necesite o servizo por presentar algún dos problemas ou circunstancias que se indican nos apartados seguintes.

		Puntos
A	Unidade familiar na que algún dos seus membros presenta problemas graves de alcoholismo, toxicomanía, e outros, especificar.	15 a 50
B	Soedade. Depresión. Transtorno mental. Enfermidade psíquica. Illamento afectivo. Desatención familiar. Illamento familiar. Contexto relacional negativo. Escasas relacións sociais. Illamento social. Outros a especificar.	15 a 50

B.2.-FACTORES ECONÓMICOS: Valoración de 0 a 40 puntos.

Será de aplicación a taboa de valoración da situación económica do solicitante e núcleo de convivencia.

B.3.-VALORACIÓN TÉCNICA: Valoración de 0 a 20 puntos.

Teranse en conta, ademais doutros factores, a idade avanzada do solicitante e/ou outros compoñentes da unidade familiar, concedendo 5 puntos para aquelas persoas maiores de 80 anos.

FINANZAMENTO

ARTIGO 13º.-

O Servicio de Axuda no Fogar financiarase coas achegas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial, do Concello así como dos propios usuarios, dacordo co establecido no título 7 da Lei 4/1993 de Servicios Sociais.

Os usuarios colaborarán en función das súas posibilidades e atendendo á seguinte clasificación:

1.-Estarán exentos de pagamento os que cumpran os seguintes requisitos:

1.a. Usuario que viva só e que a súa totalidade de ingresos non supere o 75 % do S.M.I. vixente.

1.b. Unidade familiar de 2 membros cunha media de rendas persoais que non superen o 50 % do S.M.I. vixente.

1.c. Unidade familiar de 3 ou máis membros, cunha media de rendas persoais inferiores ó 40 % do S.M.I.

1.d. Con carácter extraordinario para aqueles usuarios que cursando solicitude expresa e motivada, e unha vez estudada pola Comisión previo Informe Social, se lles conceda a citada exención.

2.-Usuarios de pagamento porcentual en atención á táboa de recursos persoais medios e/ou recursos familiares.

3.-Usuarios de pagamento total, serán os seguintes:

3.a. Persoa que viva soa e cuns ingresos superiores ó 175% e inferior ó 200% do S.M.I. vixente.

3.b. Unidade familiar de dous ou máis membros cunha media de rendas persoais superiores ó 125 % e inferiores ó 150 % do S.M.I. vixente.

3.c. Unidade familiar de 3 ou máis membros cunha media de rendas persoais superiores ó 100 % e inferiores ó 125 % do S.M.I. vixente.

* Cuota fixa anual: Ós usuarios que polas súas circunstancias económicas se lles recoñeza gratuidade na prestación do servizo, deberán aboar unha cota fixa anual do 2 %, calculada en función do custe total do servizo recibido así como dos meses de atención; cota que se deberá facer efectiva no mes de decembro de cada ano e que constitúe unha condición indispensable para a continuidade da atención a domicilio da que viñan sendo beneficiarios.

TARIFAS

ARTIGO 14º.-

Para a aplicación das tarifas de cobro do Servicio de Axuda no Fogar para o vindeiro exercicio 2006, teranse en conta os ingresos netos persoais e/ou familiares da unidade de convivencia calculándose as RENDAS PERSOAIS MEDIAS que se obterán da aplicación da seguinte fórmula:

R.P.M. = Total de recursos netos persoais e/ou familiares-gastos de alugueiro da vivenda e/ou amortización / no compoñentes da unidade familiar.

14.1.- RECURSOS ECONÓMICOS A TER EN CONTA.

Á hora de valora-la situación económica, teranse en conta ós seguintes factores:

-Computará o conxunto de ingresos que perciba a persoa ou persoas que contitúan o fogar (teñan ou non entre sí relación de parentesco) en concepto de retribucións, rendas, pensións, prestacións, subsideios ou por calquera outro título.

-Aqueles bens mobles ou inmobles sobre os que se posúa calquera clase de dereito, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes. Exceptúase a vivenda propia sempre que a súa valoración catastral non supere dez anualidades do Salario Mínimo Interprofesional vixente para cada ano. (Para 2005 será 513.00 euros ó mes de aplicación para 2006).

-Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta ós recursos procedentes do capital mobiliario, os que superen os 15000 EUROS en contas de aforro ou investimento.

-As persoas ou familias solicitantes, que posúan alomenos o capital indicado no punto anterior, non poderán acceder ó Servicio de Axuda no Fogar Municipal.

-Valorarase como Mínimo Vital a cuantía de 3.000 euros de capital mobiliario, dá que non se computarán rendementos. A partir desa cantidade aplicarase ó seguinte:

-Para contías superiores a 3.000 euros e ate 12.000 euros, aplicarase, a efectos do cálculo de rendimento do capital, ó 5 % sobre ó saldo medio anual (s.m.a.), segundo certificacións bancarias presentadas.

-Os rendementos de capital sinalados anteriormente sumaranse ó conxunto dos recursos familiares anuais, coa finalidade de determina-lo total dos recursos económicos dispoñibles.

-No suposto de percepción de ingresos irregulares tomarase como referencia a media dos obtidos os doce meses anteriores á solicitude.

-Para familias con contexto relacional negativo será de aplicación idéntico baremo que o empregado para individuos que viven sós.

14.2.-INDIVIDUOS QUE VIVEN SÓS OU EN CONTESTO RELACIONAL NEGATIVO. Con ou sen relación de parentesco:

NIVEL DE RENDA MEDIA Renda Percápita	INGRESOS TOTAIS ANUAIS (14 mensualidades)	INGRESOS P.MEDIOS/MES	CONTÍA A ABONAR
Ate o 60 % S.M.I. vivente	Ate 4.309,20 €	Ate 307,80 €	Cota anual do 2 %
Maior do 60 ate o 75 % SMI	Máis de 4.309,20 € ate 5.386,50 €	Máis de 307,80 a 384,75 €	5 %
Maior do 75 ate o 90 % SMI	Máis de 5.386,50 € ate 6.463,80 €	Máis de 384,75 a 461,70 €	10 %
Maior do 90 ate o 100 % SMI	Máis de 6.463,80 € ate 7.182 €	Máis de 461,70 a 513,00 €	15 %
Maior do 100 ate o 115 %	Máis de 7.182,00 € ate 8.259,30 €	Máis de 513,00 a 589,95 €	25 %
Maior do 115 ate o 125 % SMI	Máis de 8.259,30 € ate 8.977,50 €	Máis de 589,95 a 641,25 €	30 %
Maior do 125 ate o 150 % SMI	Máis de 8.977,50 € ate 10.773,00 €	Máis de 641,25 a 769,50 €	45 %
Maior do 150 ate o 175 % SMI	Máis de 10.773,00 € ate 12.568,50 €	Máis de 769,50 a 897,75 €	55 %
Maior do 175 ate o 200 % SMI	Máis de 12.568,50 € ate 14.364,00 €	Máis de 897,75 a 1.026,00 €	65 %
Maior do 200 ate o 210 % SMI	Máis de 14.364,00 € ate 15.082,20 €	Máis de 1.026,00 a 1.077,30 €	75 %
Maior do 210 e ate o 225 % SMI	Máis de 15.082,20 € ate 16.159,50 €	Máis de 1.077,30 a 1.154,25 €	100 %
Maior de 2,25 veces o SMI	Máis de 16.159,50 €	Máis de 1.154,25 €	NON ACCESO

14.3.-DUAS PERSOAS EN UNIDADE DE CONVIVENCIA: Con ou sen relación de parentesco.

NIVEL DE RENDA MEDIA Renda percápita	INGRESOS TOTAIS ANUAIS (14 mensualidades)	INGRESOS P.MEDIOS/MES	CONTÍA A ABONAR
Ate o 40% SMI	Ate 5.745,60 €	Ate 410,40 €	Cota anual do 2 %
Maior do 40% ate	Máis de 5.745,60 € ate	Máis de 410,40 a 513,00 €	5 %

o 50% SMI	7.182,00 €		
Maior do 50% ate o 55% SMI	Máis de 7.182,00 € ate 7.900,20 €	Máis de 513,00 a 564,30 €	10 %
Maior do 55% ate o 65% SMI	Máis de 7.900,20 € ate 9.336,60 €	Máis de 564,30 € a 666,90 €	15 %
Maior do 65% ate 75% SMI	Máis de 9.336,60 € ate 10.773,00 €	Máis de 666,90 a 769,50 €	25 %
Maior do 75% ate 85% SMI	Máis de 10.773,00 € ate 12.209,40 €	Máis de 769,50 a 872,10 €	35 %
Maior do 85% ate o 100% SMI	Máis de 12.209,40 € ate 14.364,00 €	Máis de 872,10 a 1.026,00 €	45 %
Maior do 100 ate o 125% SMI	Máis de 14.364,00 € ate 17.955,00 €	Máis de 1.026,00 a 1.282,50 €	55 %
Maior do 125 ate o 135% SMI	Máis de 17.955,00 € ate 19.391,40 €	Máis de 1.282,50 a 1.385,10 €	70 %
Maior do 135 ate o 150% SMI	Máis de 19.391,40 € ate 21.546,00 €	Máis de 1.385,10 a 1.539,00 €	80 %
Maior de 150 e ate o 160% SMI	Máis de 21.546,00 € ate 22.982,40 €	Máis de 1.539,00 a 1.641,60 €	100 %
Maior do 160 % SMI	Máis de 22.982,40 €	Máis de 1.641,60 €	NON ACCESO

14.4.-TRES OU MAIS PERSOAS EN UNIDADE DE CONVIVENCIA:

NIVEL DE RENDA MEDIA Renda percápita	INGRESOS TOTAIS ANUAIS	INGRESOS P.MEDIOS/MES (14 MENSUALIDADES)	CONTÍA A ABONAR
Ate o 30% SMI	Ate 6.463,80 €	Ate 461,70 €	Cota anual do 2 %
Maior do 30 e ate o 40% SMI	Máis de 6.463,80 € ate 8.618,40 €	Máis de 461,70 a 615,60 €	5 %
Maior do 40 e ate o 50% SMI	Máis de 8.618,40 € ate 10.773,00 €	Máis de 615,60 a 769,50 €	10 %
Maior do 50 e ate o 60 SMI	Máis de 10.773,00 € ate 12.927,60 €	Máis de 769,50 a 923,40 €	15 %
Maior do 60 e ate o 70% SMI	Máis de 12.927,60 € ate 15.082,20 €	Máis de 923,40 a 1.077,30 €	20 %
Maior do 70 e ate o 80% SMI	Máis de 145.082,20 € ate 17.236,80 €	Máis de 1.077,30 a 1.231,20 €	25 %
Maior do 80 e ate o 90% SMI	Máis de 17.236,80 € ate 19.391,40 €	Máis de 1.231,20 a 1.385,10 €	35 %

Maior de 90 e ate 100% SMI	Máis de 19.391,40 € ate 21.546,00 €	Máis de 1.385,10 a 1.539,00 €	50 %
Maior do 100 e ate 110% SMI	Máis de 21.546,00 € ate 23.700,60 €	Máis de 1.539,00 a 1.692,90 €	60 %
Maior do 110 e ate 120% SMI	Máis de 23.700,60 € ate 25.855,20 €	Máis de 1.692,90 a 1.846,80 €	75 %
Maior do 120 e ate 130% SMI	Máis de 25.855,20 € ate 28.009,80 €	Máis de 1.846,80 a 2.000,70 €	85 %
Maior do 130 e ate 150 % SMI	Máis de 28.009,80 € ate 32.319,00 €	Máis de 2.000,70 a 2.308,50 €	100 %
Maior do 150 % SMI	Máis de 32.319,00 €	Máis de 2.308,50 €	NON ACCESO

S.M.I. ANO 2005: 513 €/mes // 7182 €/ano

Para as unidades familiares de 5 ou mais membros, utilizarase como criterio xeral o da táboa nº3, aplicando o tramo inmediatamente anterior ao que lle correspondería na taboa polos mesmos ingresos a unha familia de 3 ou 4 membros.

CONTIA. COSTE DO SERVICIO.

ARTIGO 15º.-

A contía da taxa a determinar na Ordenanza Reguladora do S.A.F., de conformidade co previsto na Lei 25/98, de 13 de xullo, calcularase en atención o custe por hora de servico prestado, sendo de aplicación o estipulado na taboa incluída en este artigo.

Fixase un custe de *7,96 euros/hora* de servico que inclúe gastos derivados da asistencia recibida. Cota revisable anualmente e de forma automática segundo o estipulado nos Orzamentos Xerais do Estado.

Para os efectos de implantación das Tarifas, aplicarase o Salario Mínimo Interprofesional (S.M.I.) vixente para cada ano inmediato anterior e publicado no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.), correspondendo ó exercicio 2005 o seguinte: 513.00 euros/mes (14 mensualidades). 7182 euros/anuais.

Cada usuario do S.A.F. participará economicamente en atención ós seus ingresos persoais e de toda a unidade familiar, así como en función do número de horas recibidas. Establecéndose unha media para o número de horas mensuais de atención, procedendo a asignación dunha contía fixa para o custe mensual do seu servico.

**TÁBOA DE COSTES MENSUAIS TOTAIS SEGUNDO AS HORAS DE SERVIZO
PRESTADAS:**

Horas de servizo para cálculo do coste:	Coste total por mes
2 horas á semana.	72,34
3 horas á semana.	108,50
4 horas á semana.	144,67
5 horas á semana.	180,84
6 horas á semana.	217,00
7 horas á semana.	253,18
8 horas á semana.	289,34
9 horas á semana.	325,51
10 horas á semana.	361,68
11 horas á semana.	397,85
12 horas á semana	434,02
COSTE POR HORA	8,22

ARTIGO 16º.-

1.- A obriga do pagamento por parte dos usuarios nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.

2.- Unha vez resoltas as solicitudes de prestación do servizo procederase á inclusión, no listado de usuarios do SAF.

3.-A intervención liquidará as correspondentes tarifas por meses naturais vencidos e aboaranse, en pagos bimensuais, na primeira semán natural do mes seguinte. Nos casos de altas novas notificarase por primeira vez ó interesado, permanecendo de alta no servizo mentres non causara baixa no mesmo ou se produciran modificacións. O pagamento realizarase mediante domiciliación en entidade bancaria colaboradora ou na tesourería do Concello.

4.- Se o pagamento non chegara a facerse efectivo por calquera motivo, o beneficiario do servizo será apercibido, responsabilizándose dos gastos ocasionados. De ser reincidente, a Xunta de Goberno Local determinará a resolución a adoptar, có informe previo dos servizos sociais, poidendo causar baixa no servizo.

5.-Será causa de devolución parcial ou total do custe do servizo de axuda no fogar, que, a persoa ou persoas integrantes do mesmo, falseen ou omitan a declaración da totalidade dos recursos económicos tanto persoais como familiares; favorecéndose deste xeito dun servizo subvencionado do que poderían non ter dereito. Neste caso, incoado o expediente e determinada a responsabilidade do usuario do servizo, practicarase a correspondente liquidación, que será esixible polo procedemento de apremio.

6.- Si o servizo non chegara a prestarse por causas non imputables ó beneficiario, éste terá dereito a un desconto proporcional da cuota mensual. Si a causa fora imputable ó usuario, éste vira obrigado ó pago das correspondentes mensualidades.

DISPOSICION ADICIONAL.

ARTIGO 17º.-

O regulamento do SAF que se aproba con esta ordenanza, será de aplicación para todos aqueles aspectos que completan e desenrollan os recollidos no texto normativo.

DISPOSICION FINAL.

ARTIGO 18.-

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio 2006, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Fene, 21 de novembro de 2005

**Vº e Prace
O ALCALDE,**

A SECRETARIA,